

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

electrónico a uadeportes@coruna.es indicando en asunto: seguro responsabilidade civil e a continuación NIF entidade).

k. As entidades beneficiarias do patrocinio deberán:

1. Prestar a colaboración de xogadores e/ou técnicos para actos puntuais de promoción deportiva ou eventos deportivos, solicitados polo Servizo Municipal de Deportes motivados por interese de cidade.
2. Prestar a colaboración organizativa en todos aqueles actos dentro do ámbito da súa propia competencia que sexan organizados en exclusiva polo Concello da Coruña.
3. O palco de presidencia de todas aquelas instalacións deportivas obxecto da presente convocatoria será presidido polo Alcalde, que poderá cursar as invitacións oportunas ata un máximo do 50% da súa capacidade, correspondendo o resto á entidade beneficiaria do uso da devandita instalación.
4. Indicar en toda a publicidade da entidade o logo oficial do Concello da Coruña (Deportes).
5. Limitarse unicamente á exhibición da publicidade dos seus patrocinadores durante o desenvolvemento da actividade obxecto de patrocinio, sendo da súa conta e risco, a colocación, retirada e almacenamento dos elementos e soportes que usen para iso.

17.- Efectos do incumprimento das condicións de uso

Constatado documentalmente o incumprimento de calquera das condicións de uso da instalación, trasladaráselle por escrito por 10 días hábiles á entidade beneficiaria para que formule as alegacións e presente as probas correspondente en defensa das súas pretensións; instruído o correspondente procedemento se ten lugar, terminárase coa correspondente resolución administrativa. No suposto de serlle inimputable á entidade darase orde de arquivo, e en caso de existir responsabilidade da entidade resolverase con:

- 1) Apercibimento á entidade se non ten precedente algún na condición incumplida.
- 2) Revogación do uso concedido. No caso de que o incumprimento se refira á non utilización ou infrautilización da instalación a revogación limitarase a esa hora e día da semana que non se está utilizando.
- 3) **Perda do dereito para ser beneficiario do patrocinio municipal na seguinte tempada e para ese uso, cando non se comuniquen por escrito ata 3 incomparecencias de uso sen causa xustificada.**

DISPOSICIÓN ADICIONAL. Réxime de outorgamento de usos de instalacións coa concesión de patrocinio, á marxe da presente convocatoria.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

1. Ao longo de todo o período da presente convocatoria calquera entidade que reúna os requisitos subxectivos e obxectivos indicados na mesma, poderán solicitar a ocupación daquelas franxas horarias que se atopen libres cunha antelación mínima de 10 días hábiles se se refire a un só centro deportivo e de 15 días hábiles se afecta a varios centros simultaneamente.

2. A solicitude, de acordo co modelo establecido na web www.coruna.es/deportes, presentárase preferentemente a través de vía electrónica ou ben nos Rexistros de Entrada das instalacións deportivas municipais: C.D. Riazor, Polideportivo Bº das Flores, C.D. A Torre ou en calquera das oficinas do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos do Concello. Unha vez admitida a trámite pola concellaría, solicitarase informe preceptivo aos responsables técnicos da/s instalación/a afectadas sobre se hai franxa horaria dispoñible, as condicións nas que se ten que conceder a ocupación e as posibles alternativas no caso de que non se poida atender integralmente a petición.

Autorizada pola concellaría, enviarase un correo electrónico á entidade para comunicarllo, solicitando o envío da póliza de responsabilidade civil ou solicitude de seguro para a actividade patrocinada. De non recibirse en prazo de 2 días hábiles, non procede a concesión e arquívarase a solicitude sen máis trámite. Con todo, daráselle audiencia ao solicitante, cando for legalmente preceptivo.

Recibida dita póliza, resolverase expresamente pola concellaría delegada de Cultura, Deporte e Coñecemento e notificarase ao interesado, a través do correo electrónico facilitado na solicitude.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

A partir da data de publicación destas bases na web deberán de utilizarse os modelos de solicitude que se achegan e non se tramitarán as solicitudes que non se presenten coa antelación que esixe a convocatoria (antelación mínima 10 días hábiles para o uso dunha instalación e 15 días hábiles para o uso de varias).

A data 1 de setembro as entidades que participen na presente convocatoria manterán con carácter provisional os horarios de uso concedidos na tempada 2014/15 ata a resolución definitiva da nova distribución das instalacións.

A resolución da presente convocatoria levará consigo a revogación de calquera ocupación de instalación ou concesión de patrocinio que sexa contraria á mesma.

A Coruña, 30 de xuño de 2015

A Xunta de Goberno Local

O Concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento

José Manuel Sande García

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

ANEXO I

(Transcripción parcial, para os efectos que aquí interesan)

Normativa de uso das instalacións deportivas, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades.

(Aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 20 de xullo de 2007)

As Instalacións Deportivas Municipais como recinto que utilizan en xeral os cidadáns, clubs e entidades deportivas, necesitan unha normativa que regularice o seu uso e conservación. Ao cumprimento destas normas están obrigados os que dunha ou doutra forma teñan acceso ás instalacións, colaborando todos ao bo funcionamento das mesmas.

NORMAS XERAIS.

- 1. Os usuarios das instalacións deportivas municipais están obrigados a respectar e coidar as mesmas, o seu mobiliario e o equipamento deportivo, utilizando os mesmos conforme ao seu destino propio, e ordenando o material unha vez utilizado.*
- 2. Para o acceso de "uso libre" ás instalacións deportivas municipais é requisito indispensable ter cumpridos 14 anos, exceptúase os casos en que a normativa específica da instalación indique outra idade. Os menores desa idade só poderán acceder e permanecer nas instalacións acompañados dun maior de idade, que será responsable do uso das instalacións feito polo menor.*
- 3. Para acceder ás instalacións é requisito imprescindible a presentación do talón de pago, ou do documento ou tarxeta que habilite o Concello para o efecto, e o Documento Nacional de Identidade (ou documento que o substitúa).*
Para o rocódromo será necesario dispoñer do carné federativo en vigor. En calquera outro momento, o persoal da instalación poderá requirir a súa presentación.
- 4. O acceso e a permanencia na instalación respectará os horarios concedidos, a instalación e categoría asignadas, atendendo en todo momento as indicacións do persoal do Servizo Municipal de Deportes. Non se poderá permanecer nas instalacións deportivas municipais fóra dos horarios concedidos.*
- 5. Os usuarios de instalacións (xogadores, adestradores, persoal auxiliar etc) deberán utilizar a vestimenta deportiva, e calzado específico en atención ás características especiais de cada pavimento.*
- 6. O usuario deberá satisfacer as taxas correspondentes que se axustarán á Ordenanza Reguladora das taxas vixente en cada momento, salvo que exista convenio ou patrocinio.(...)*

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

8. O pago das taxas para a utilización de instalacións deportivas municipais poderase realizar directamente en calquera das oficinas do Servizo Municipal de Deportes, ou noutros medios ou lugares que se habiliten para iso.

9. Os pagos de taxas para usos de instalacións por parte de menores de 16 anos serán emitidos a nome do pai/nai ou titor.

10. O pago das taxas correspondentes implica o uso das instalacións, exclusivamente, pola persoa ou entidade para a que foron emitidas, para a instalación, actividade e horarios recollidos no documento de pago.

Esta persoa ou a entidade serán os responsables do uso da instalación.

11. O Servizo Municipal de Deportes resérvase o dereito para realizar modificacións dos horarios, instalacións, cursos, e outra actividades concedidas por causas de programación e organizativas, comunicándoo aos interesados, o máis axiña posible.

12. En casos de anulacións de usos previamente concedidos por causas imputables á administración, os interesados poderán optar por:

12.1. Solicitar devolución da taxa, acreditando a realización do pago e con indicación do nº de conta.

12.2. Solicitar o cambio de data, e/ou hora, e/ou instalación presentando o recibo nas oficinas do SMD.

13. As comunicacións, avisos, e calquera outra información aos usuarios realizaranse a través do Taboleiro de anuncios das Instalacións Deportivas e da páxina web.

14. O Excmo. Concello da Coruña non se fará responsable da desaparición de obxectos persoais dos usuarios dentro das instalacións deportivas municipais. As pezas de vestir esquecidas ou extraviadas que non sexan reclamadas en 15 días, serán destruídas por motivos de hixiene. Os obxectos de valor serán entregados na Oficina Municipal de Obxectos Perdidos (Policía Local).

15. O incumprimento das normas xerais e específicas de instalacións, escolas e entidades, e instrucións que dite o Servizo Municipal de Deportes por si ou a través do persoal da instalación, poderá ocasionar o cesamento no uso da instalación.

16. Para realizar cursos, clases e outras actividades organizadas deberá solicitarse a través das oficinas de rexistro municipal, facilitando cando sexa requirida a relación de participantes, identificando o responsable, o seguro de accidentes con inclusión de atención sanitaria e hospitalaria e de responsabilidade civil para cada un dos participantes, descrición do evento, e/ou a ficha federativa correspondente ademais doutros documentos que se soliciten.

17. Nos vestiarios respectarase a orde e instrución do persoal do SMD. Non poderán utilizarse tinguaduras, nin se afeitar nin similares. Non debendo mostrar actitudes indecorosas ou molestas para o resto dos usuarios. En beneficio de todos recoméndase utilizar os vestiarios e duchas coa maior rapidez posible.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

18. Prohíbese tirar calquera tipo de desperdicios no chan no transcurso das actividades deportivas, tanto para os deportistas como para o público en xeral.

19. Para efectos de aplicación da presente normativa e da aplicación da ordenanza fiscal, será o Concello quen clasifique o tipo de actividade: adestramento federado, competición federada, uso libre, actividades físico-deportivas, festivais e actos non deportivos.

19.1. Enténdese como "adestramento federado" a práctica da modalidade deportiva co fin de participación en competición federada organizado por entidades deportivas. Será necesario acreditarlo coa licenza federativa correspondente.

19.2. Enténdese como "competición federada" toda competición das modalidades deportivas recoñecidas polo Consello Superior de Deportes ou a Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, organizada por entidades deportivas. Será necesario acreditar certificación correspondente de participación en competición federada.

19.3. Enténdese como "actividades físico deportivas": campus, cursos, competición non federada, práctica de calquera modalidade deportiva e outras actividades de tipo docente, organizada por entidades deportivas

19.4. Enténdese como "uso libre" partidos, xogos deportivos, e práctica deportiva en xeral por persoas físicas e non profesionais.

19.5. Enténdese como "festivais e actos non deportivos" todos aqueles non recollidos nos supostos anteriores.

20. Queda reservado o dereito de admisión.

(...)

22. NORMAS PARA USUARIOS DA PISCINA. Ademais das xerais as seguintes:

22.1. Non se permite a entrada libre a menores de 14 anos que non veñan acompañados por unha persoa maior de idade, que será o responsable dos menores durante a súa permanencia na piscina. O devandito adulto deberá identificarse ante o socorrista.

22.2. Resérvase o dereito de admisión e o límite de usuarios por rúa, segundo a lexislación vixente.

22.3. Prohíbese a entrada na zona de praia con roupa ou calzado non idóneo, así como comer e beber, e introducir obxectos de cristal.

22.4. Por razóns de seguridade queda prohibido lanzarse á auga polos laterais do vaso, correr pola zona de praia e sentar nas corticeiras, así como uso de pendentes, cadeas, aneis e outros obxectos que leven consigo risco.

22.5. O emprego de colchóns, flotadores, aletas, ou calquera outro elemento que poida orixinar risco para os demais usuarios, deberá ser regulado polos socorristas.

22.6. As persoas que non saiban nadar ou padezan algunha enfermidade que leve consigo risco, deberán advertilo previamente aos socorristas.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

22.7. Ao obxecto de facilitar un maior aproveitamento da instalación, deberán seguir as instrucións dos socorristas.

22.8. Por motivos de hixiene é obrigatorio ducharse previamente á entrada no vaso, así como utilizar gorro de baño, e emprego de zapatillas de auga. Recoméndase o uso de lentes de natación.

22.9. Por motivos de hixiene está prohibido soarse, cuspir, e mexar na auga, así como acudir ao vaso con maquillaxes, cremas ou apósitos de calquera tipo.

22.10. Respetarase en todo momento o uso da rúa asignada a cada actividade.

23. NORMAS PARA O USO DO ROCÓDROMO. Ademais das citadas e xerais:

23.1. Para facer uso do rocódromo individual, "uso libre", será obrigatorio estar federado na Federación de Montañismo e ser maior de idade.

23.2. Os menores de idade federados na Federación de Montañismo virán sempre acompañados dun adulto con licenza federativa da Federación de Montañismo, o cal se identificará ante o persoal da instalación como responsable do menor.

23.3. É obrigatoria a presentación da correspondente licenza federativa de montañismo en vigor, DNI (ou documento legal similar), e recibo de abono de taxas, e no seu caso tarxeta de acceso municipal correspondente.

23.4. É obrigatorio utilizar a instalación co material e indumentaria específica.

23.5. É obrigatorio mosquetear todos os seguros dunha vía

23.6. Recoméndase o uso de casco homologado para a escalada.

23.7. Está totalmente prohibido cambiar as presas de lugar ou posición, afrouxar as presas e modificar itinerarios sen a previa autorización. Os cambios que deban ser realizados pola Federación para os correspondentes campionatos deberán ser solicitados por rexistro.

24. NORMAS PARA O USO DAS PISTAS DE ATLETISMO: Ademais das citadas e xerais:

24.1. Os atletas deben estar federados na Federación de Atletismo e ser maiores de 16 anos.

24.2. Os clubs/clubs poderán solicitar o uso da instalación segundo as normas xerais.

24.3. Non se permite o uso de zapatillas de cravos superiores a 4 milímetros. O seu uso poderá ser motivo de expulsión da instalación.

24.4. É obrigatoria a presentación da correspondente licenza federativa en atletismo en vigor, DNI (ou documento legal similar) e recibo de abono de taxas e, no seu caso, tarxeta de acceso municipal correspondente.

24.5. Non se permite circular polas pistas de atletismo, debendo utilizarse as zonas de paso. Non cruzar sen mirar. Teñen preferencia os atletas. O sentido da carreira será deixando a corda á esquerda.

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

24.6. Non se permite a carreira continua. Os quecementos deberán realizarse nas medias lúas.

24.7. Por motivos de seguridade non se permite o uso de gomas, arrastres, paracaídas, etc.

24.8. Salvo autorización ou competición, a rúa 1 non deberá utilizarse.

25. NORMAS PARA O USO DOS CAMPOS DE FÚTBOL, ademais das citadas e xerais:

25.1. Non se permite o uso de zapatillas de taco metálico, excepto os campos de herba natural e de terra.

25.2. Nos campos de herba artificial só se permite o uso de zapatillas específicas, multitacos ou botas de tacos de goma.

26. NORMAS PARA O USO DE SALAS DE MUSCULACIÓN, ademais das citadas e xerais:

26.1. É obrigatorio o uso de vestimenta e calzado deportivo. Non está permitida a entrada con chanclas.

26.2. Nas máquinas, por motivos de hixiene é obrigatorio o uso de luvas e toalla.

26.3. Deixar no seu lugar calquera elemento utilizado tras o seu uso.

27. NORMAS PARA ENTIDADES E CLUBES, ademais das citadas:

(...)

27.2. A entidade que non vaia a utilizar unha instalación previamente concedida, deberá comunicalo ao Servizo Municipal de Deportes cun mínimo de 48 horas de anticipación.

27.3. As instalacións no horario concedido non poderá cederse a terceiros salvo que exista excepcionalmente autorización do Servizo Municipal de Deportes.

27.4. O uso será concedido para un motivo ou actividade determinada, categoría e/ou categorías. Calquera cambio excepcional deberá ser obxecto de autorización polo Servizo Municipal de Deportes.

27.5. O uso da instalación durante unha ou varias tempadas, non establece dereito ningún para a concesión da instalación na seguinte tempada.

27.6. A entidade debe de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e seguro de accidentes incluída a asistencia sanitaria ou licenza federativa de cada un dos participantes. O club ou entidade usuaria farase responsable das posibles deterioracións da instalación que poidan producirse polos seus xogadores, adestradores, persoal auxiliar e asociados, así como dos accidentes deportivos.

27.7. En horarios de adestramento, as bancadas non se abren ao público salvo que exista excepcionalmente autorización do Servizo Municipal de Deportes. Non podendo

ÁREA DE CULTURA, DEPORTE E COÑECEMENTO
Servizo de Deportes e Mocidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS DE INICIATIVA PRIVADA CON PATROCINIO MUNICIPAL. (TEMPADA 2015-2016).

estar nas pistas deportivas máis nada que aqueles xogadores, técnicos, directivos e outro persoal auxiliar oficialmente autorizado.

27.8. É obrigatoria a asistencia do adestrador, delegado ou directivo, ou o profesor durante o desenvolvemento do adestramento ou outras actividades físico-deportivas, así como a presenza dun responsable maior de idade durante o uso dos vestiarios.

27.9. Os clubs e Entidades deberán entregar relación detallada de xogadores, adestrador e persoal auxiliar, ao comezo da tempada, comunicando calquera modificación que se produza durante o seu desenvolvemento. Nesta relación debe figurar: nome, apelidos, DNI, e enderezo. Deberán utilizar a tarxeta de control de accesos correspondente, ou outro documento identificativo.

27.10. Os adestradores poderán solicitar autorizacións puntuais para testar o deportista, sen que estas adquiran carácter permanente.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Servicio de Deportes y Juventud